

Acta da Sesión Extraordinaria da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 23 de setembro de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as oito horas e dous minutos do día 23 de setembro de 2019, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.
D. Juan Manuel Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelán Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro
Dna. Celia López Pallas.
Dna. Luz M^a Bello Vazquez
D. Jesús Picon Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro

Secretario Xeral: Raúl Martínez Martínez.

Interventora: Pilar Martínez Villar.

Non asiste a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dna. Lorena García Costa

.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

Primeiro. Aprobación da acta do Pleno de este Concello celebrado el 23 de agosto de 2019.

Segundo. Toma en coñecemento polo Pleno do recurso contencioso-administrativo para a protección dos dereitos fundamentais da persoa

inerposoto por José García Liñares frente ao Acordo adoptado polo Pleno de este Concello celebrado o 23 de agosto de 2019

Terceiro. Aprobación (previa ratificación de inclusión na orde do día (97.2 ROF) da proposición da Alcaldía sobre declaración de existencia identidade sustancial entre obxeto do pleno de día 23 de agosto de 2019 e a proposta de acordo de solicitude de este Pleno extraordinario, e consecuentemente a declaración de improcedencia de volver a debatir o reconsiderar asuntos ya debatidos polo pleno pleno municipal.

Cuarto. *“Que o Concello Pleno tome coñecemento da Sentenza 189/2019 ditada polo vulgado do Penal número 1 da Coruña en data 22/07/2019 no Procedimiento Abreviado número 1931/15, Xuizo Oral 172/2018, e que se lle solicite á Xunta Electoral Central a expedición da credencial á persoa candidata seguinte da lista da formación política pola que concurriu a persoa inhabilitada”*

O sr. Alcalde manifesta que: “Este pleno extraordinario é convocado pola Alcaldía a petición de SEIS membros da Corporación mediante escrito presentado o 2 de setembro de 2019 (Rexistro de entrada 2827). Esta convocatoria de Pleno Extraordinario, a solicitude por máis da cuarta parte dos membros da Corporación, realízase e dá cumprimento ó previsto no artigo 46.2 da Lei de Bases de Réxime Local e foi efectuada dentro do prazo establecido no mesmo.”(Transcrito literalmente de nota aportada ao efecto polo Sr. Alcalde.)

O sr. Santos dí que non se pode incluír no orde do día os seus asuntos, e manifesta o seu desacordo.

Primeiro. Aprobación da acta do Pleno de este Concello celebrado el 23 de agosto de 2019.

O sr. Alcalde formula a observación de que os votos do Partido Popular nos puntos 3 e 4, son abstencións.

O sr. Santos formula a observación de que son os sete concelleiros do PSdG-PSOE os que votaron a favor.

Recollidas ditas observacións, queda aprobada a citada acta do Pleno do Concello de data 23 de agosto de 2019.

Segundo. Toma en coñecemento polo Pleno do recurso contencioso-administrativo para a protección dos dereitos fundamentais da persoa interposto por José García Liñares frente ao acordo adoptado polo Pleno de este Concello celebrado o 23 de agosto de 2019.

Procede o sr. Alcalde a dar conta da toma de coñecemento do recurso contencioso-administrativo presentado para a protección dos dereitos fundamentais da persoa José García Liñares frente ao Acordo adoptado polo Pleno de este Concello celebrado o 23 de agosto de 2019.

Queda enterada a Corporación.

Terceiro. Aprobación (previa ratificación de inclusión na orde do día (97.2 ROF)) da proposición da Alcaldía sobre declaración de

existencia identidade sustancial entre obxeto do pleno de día 23 de agosto de 2019 e a proposta de acordo de solicitude de este Pleno extraordinario, e consecuentemente a declaración de improcedencia de volver a debatir o reconsiderar asuntos ya debatidos polo pleno municipal.

Sométese a votación a inclusión no orde do día que resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo PSdG-PSOE e cinco en contra dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e Mixto.

O Secretario Xeral procede a lectura da proposta:

<<Vista a solicitude de convocatoria de pleno realizado por seis concelleiros desta Corporación, D. Alberte Sánchez Regueiro, D. José Francisco Santos Regueiro, Dna. Luz María Bello Vázquez, Dna. Lorena García Costa, D. Jesús Picón Pardo e Dna. Celia López Pallas, en escrito de data 2 de setembro de 2019 (RXE nº 2.827).

Visto que o pasado día 23 de agosto de 2019 en sesión plenaria deste Excmo. Concello procedeuse polo Alcalde a informar ó Concello/Pleno da Sentencia,(que non é firme xa que foi recurrida en apelación), nº 189/2019, de 22 de xullo de 2019, dictada por el Juzgado de lo Penal nº 2 de A Coruña, e leer, de forma literal, o fallo da mesma.

Visto que no referido Pleno adoptouse o seguinte Acordo: "PRIMEIRO.- Declarar a existencia dunha causa de incompatibilidade na persona de D. José Garda Uñares. SEGUNDO.-Conceder a D. José García Liñares o prazo de dez días hábiles previsto no art. 10.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, para que presente a súa renuncia por escrito. TERCEIRO.- Suspender a execución do presente acordo no caso da interposición dun recurso fronte ó mesmo ata que que órgano xudicial se pronuncie sobre o mantemento desta medida".

Visto art. 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Considerando que do acordado no Pleno de este Excmo. Concello o 23 de agosto de 2019, desprendese que non só tomou coñecemento da Sentenza 189/2019 ditada polo xulgado do Penal número 1 da Coruña en data 22/07/2019 no Procedemento Abreviado número 1931/15, Xuízo Oral 172/2018, senon que concedeu a José García Liñares un prazo para presentar a súa renuncia, acordando a suspensión da execución do presente acordo no caso de interposición dun recurso fronte ao mesmo

Considerando que con data 05/09/2019 foi presentada no rexistro do Concello xustificación da presentación do devandito recurso-contencioso administrativo e que o mesmo se sigue ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 de A Coruña, como Procedemento para Protección dos Dereitos Fundamentais da Persoa nº 0000185 /2019 no que foi inocada a correspondente peza de medidas cautelares e, en consuecna, pende o pronunciamiento xudicial relativo ao acordado no Pleno de 23 de Agosto

Considerando que existe sustancial identidade entre o xa debatido e votado no Pleno do 23 de Agosto de 2019, o que se pretende coa solicitude de convocatoria no é outra cousa máis que a reconsideración dos acordos adoptados, cando o procedente sería a interposición dos recursos previstos na normativa aplicable, que os Concelleiros discrepantes podían interpoñer ao amparo do artigo 63.1.b) de la Ley reguladora de las Bases de Régimen Local, sendo dita vía de recurso a única saída para deixar sin efecto o contido dos acordos válidamente adoptados

Considerando o antedito e concurren razóns de urxencia motivadas porque, se plantea un pleno con idéntico orden do día que o xa celebrado con carácter extraordinario e urxente no que se adoptaron válidamente uns acordos que sobre os que pende resolución xudicial, sendo por tanto que o contido da presente proposición non se pode pospoñer a ningún Pleno posterior ao presente no que se plantexa o debate dun asunto xa debatido e votado, sin que siquiera os proponentes houberan votado en contra

ACORDO:

Declaración de existencia identidade sustancial entre obxeto do pleno de día 23 de agosto de 2019 e a proposta de acordo de solicitude de este Pleno extraordinario, e consecuentemente a declaración de improcedencia de volver a debatir o reconsiderar asuntos xa debatidos por el pleno municipal>>.

**Intervencións que se citan:*

O voceiro do Grupo Municipal do PP, sr. Santos, critica o pleno celebrado o día 23/8/2019, así como este acordo no relativo a identidade sustancial.

O voceiro do Grupo Municipal Mixto, sr. Sánchez, dí que se pode marear a perdiz todo o que se queira pero en definitiva está inhabilitado.

O sr. Alcalde dí que ten lexitimidade e rebate o argumentado polos voceiros da oposición.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, sr. Santos, solicita que a votación neste punto sexa nominal.

O voceiro do Grupo municipal Mixto, sr. Sanchez, dí que se lea a sentenza. O que é rexeitado polo sr. Alcalde.

Finalizadas as intervencións, e sometido pola Presidencia o acordo a votación nominal, resulta aprobado por:

Sete votos favorables, correspondentes a don José García Liñares, don Juan Manuel Rodríguez García, dona Cristina Capelán Cancelo, don Francisco Javier Boquete Cambón, dona María Carmen Martínez Barreiro, don Jesús Rama Bello e dona. Catrina Queijo García.

Cinco en contra de don José Francisco Santos Regueiro, dona Celia López Pallas, dona Luz M^a Bello Vazquez, don Jesús Picón Pardo e don Alberto Sánchez Regueiro.

O punto 4 queda retirado do orden do día.

Pola Presidencia se levanta a sesión sendo as oito horas e trinta e tres minutos, do día da data, da que eu, Secretario Xeral, extendo a presente

acta.

O Alcalde-Presidente
José García Liñares

O Secretario Xeral
Raul Martínez Martínez